#### **Instrumentos:**

- Ficha de rexistro individual.
- Patrón de avaliación.
- Rexistro de desenvolvemento da clase.
- Anecdario.

## **UNIDADE 9: AS PLANTAS SON SERES VIVOS**

### **1. Obxectivos didácticos**

- Saber que as plantas son seres vivos.
- Coñece-las características diferenciais das plantas.
- Coñece-las partes das plantas, as súas características e misións.
- Diferenciar árbores, arbustos e herbas.
- Comprende-la importancia das plantas para tódolos seres vivos.

### **2. Contidos**

#### **2.1. Conceptos**

- As plantas son seres vivos: nacen, medran, aliméntanse e relaciónanse.
- As partes das plantas: talo, follas e raíz.
- Os tipos de plantas segundo o seu talo: árbores, arbustos e herbas.
- A importancia das plantas.

#### **2.2. Procedementos e actitudes**

- Identifica-las características das plantas como seres vivos, así como as súas características diferenciais dentro deste grupo.
- Diferencia-las partes das plantas.
- Describir unha planta.
- Clasifica-las plantas en árbores, arbustos e herbas.
- Amosar interese por coñece-las plantas.
- Valora-la importancia das plantas para tódolos seres vivos.

#### **2.3. Contidos transversais**

- Educación ambiental: apreciación da importancia da conservación das plantas.

### 3. METODOLOXÍA

#### 3.1. Proceso de ensino - aprendizaxe

- A unidade didáctica preséntase a partir da propia experiencia dos alumnos e alumnas: Por isto, partir de situacións reais vividas por eles mesmos debe de ser un principio didáctico permanente no desenvolvemento da unidade.
- É importante que a aprendizaxe se produza a través da interacción dos alumnos e alumnas en diversos agrupamentos. Por isto, planificáronse tarefas individuais, en parella, equipo e en gran grupo.
- A valoración dos seus progresos individuais e o estímulo á participación nas actividades de grupo, ademais de evitar todo tipo de discriminación nestas situacións servirá para estimula-la súa autoestima e a aprendizaxe colaborativa.
- Adecuaranse as aprendizaxes ás posibilidades de cada neno ou nena. As actividades de motivación deben de servir ademais para descubri-los coñecementos e experiencias previas. As actividades de reforzo e de ampliación pretenden axusta-lo proceso ás necesidades dos alumnos.
- Os propios obxectivos didácticos servirán como criterios para realiza-la avaliación continua e formativa das aprendizaxes. Ademais, seleccionáronse unha serie de criterios de avaliación que teñen a función de comproba-la adquisición das aprendizaxes básicas da unidade.
- Por último, é necesario asegura-la funcionalidade das aprendizaxes. Nesta unidade tódolos contidos procedementais relacionados con hábitos de saúde e hixiene, así como as técnicas de recollida e organización da información mediante esquemas e mapas conceptuais garanten esta funcionalidade.

#### 3.2. Recursos e medios

##### Impresos:

- *Coñecemento do medio 3. Edicións Obradoiro-Santillana.*
- *Guía didáctica Coñecemento do medio 3. Edicións Obradoiro-Santillana.*

##### Outros:

- Cartolinas.
- Cola.
- Follas de distintas plantas.
- Mazás.

## 4. PROPOSTA DE ACTIVIDADES

### 4.1. De introducción e motivación

- Texto de presentación "Entramos nun bosque".
- Actividades para realizar cos compañeiros.
- Actividades para recolle-los coñecementos previos.
- ¿Para que estudiámo-las plantas? Xustificación.

### 4.2 De desenvolvemento de proceso

- Actividades previas para observar, comparar, clasificar, etc.
- Información organizada. As plantas. O talo. As follas. A raíz. Os arbustos.
- Actividades sobre todo o contido da unidade.
- Exploración dos coñecementos previos.
- Presentación breve da información básica.
- Actividades de desenvolvemento.
- Diferencias entre o talo, as follas e as raíces.
- Traballo en grupo.
- Comentarlles ós alumnos que, cando responden ás preguntas finais (por exemplo, en "O álbum das ciencias", *As plantas medran cara á luz*, están formulando unha hipótese. É dicir, darán unha resposta factible, pero que é necesario comprobar. Despois da comprobación, algunhas hipóteses serán falsas e haberá que buscar outra nova explicación. Outras hipóteses amosaranse verdadeiras e darémolas por válidas.
- Utilizar unha planta ornamental para amosarlles ós alumnos que o coidado dunha planta como ser vivo supón unha responsabilidade tan importante coma o dun animal. Propoñerlles ós alumnos organizar un grupo de voluntarios para asegurarse de que a planta recibe a auga e a luz necesarias.

### 4.3. De atención á diversidade

#### Reforzo

- Ampliar mediante os "Álbums das ciencias" a información con fotografías, debuxos, etc.
- Escribir preguntas relacionadas coas páxinas da unidade. Facer copias e repartilas entre tódolos alumnos. Pedirlles que as traballen e que contesten por parellas.

#### Ampliación

- Actividades para contestar no caderno.
- Darlles ós alumnos exemplos de movementos das plantas; por exemplo, as raíces medran cara ó interior do solo. Falarlles do movemento que experimenta a *mimosa púdica*. Se tocámo-las follas desta árbore, estas móvense coma se se pechasen, de aí, o seu nome. Para que entendan este movemento, presentárille-la palma da man aberta

exemplificando un conxunto de follas. Pedirlle a un alumno que toque a súa man e pechala ante o contacto.

- Explicarlles ós alumnos que existen plantas con talos e raíces que nos serven de alimento. Animalos a relaciona-lo nome dalgúns vexetais coa parte da planta a que pertencen. Sinalarlles ós alumnos que a parte comestible do espárrago é o talo. Por outro lado, a remolacha, a cenoria e o nabo son grosas raíces de plantas distintas.

## **5. AVALIACIÓN**

### **5.1. Criterios de avaliación**

- Valoración das plantas como seres vivos.
- Coñecemento da forma de alimentación das plantas.
- Identificación das distintas partes dunha planta.
- Distinción entre árbores, arbustos e herbas.
- Aplicación adecuada do novo vocabulario para describir plantas.
- Comprensión da importancia das plantas para tódolos seres vivos.
- Interese pola protección da natureza.

### **5.2. Procedementos e Instrumentos:**

#### **Procedementos:**

- Observación directa.
- Análise de tarefas e actividades recomendadas.
- Intervención e preguntas orais.
- Comprobación de traballos escritos.
- Probas orais e escritas.

#### **Instrumentos:**

- Ficha de rexistro individual.
- Patrón de avaliación.
- Rexistro de desenvolvemento da clase.
- Anecdótico.

## UNIDADE 10: AS PLANTAS TEÑEN FLORES

### 1. Obxectivos didácticos

- Relaciona-las flores, froitos e sementes coa reprodución das plantas.
- Describi-lo ciclo vital das plantas.
- Entende-la importancia das plantas para as persoas.
- Colaborar na protección da natureza.

### 2. Contidos

#### 2.1. Conceptos

- As plantas reproducense: flores, froitos e sementes.
- As partes das flores: pétalos, corola, sépalos, cáliz, estames e xineceo.
- Os froitos proceden das flores.
- Os tipos de froitos: froitos carnosos e froitos secos.
- As sementes están no interior dos froitos.
- As plantas nacen, e as súas partes medran e cambian.

#### 2.2. Procedementos e actitudes

- Identifica-las distintas partes dunha flor
- Clasifica-los froitos en carnosos e secos.
- Formular hipóteses sobre feitos observables relacionados coas plantas.
- Ordenar cronoloxicamente acontecementos relacionados co nacemento e crecemento das plantas.
- Seleccionar e ordena-la información para elaborar fichas descritivas sobre as plantas
- Explica-la importancia das flores, os froitos e as sementes para a alimentación dos seres vivos.
- Adquirir hábitos saudables relacionados coa alimentación.
- Recoñece-la importancia das plantas para as persoas.

#### 2.3. Contidos transversais

**Educación do consumidor** Coñece-las froitas típicas de cada estación do ano.

### 3. METODOLOXÍA

#### 3.1. Proceso de ensino - aprendizaxe

- A unidade didáctica preséntase a partir da propia experiencia dos alumnos e alumnas: Por isto, partir de situacións reais vividas por eles mesmos debe de ser un principio didáctico permanente no desenvolvemento da unidade.
- É importante que a aprendizaxe se produza a través da interacción dos alumnos e alumnas en diversos agrupamentos. Por isto, planificáronse tarefas individuais, en parella, equipo e en gran grupo.
- A valoración dos seus progresos individuais e o estímulo á participación nas actividades de grupo, ademais de evitar todo tipo de discriminación nestas situacións servirá para estimula-la súa autoestima e a aprendizaxe colaborativa.
- Adecuaranse as aprendizaxes ás posibilidades de cada neno ou nena. As actividades de motivación deben de servir ademais para descubri-los coñecementos e experiencias previas. As actividades de reforzo e de ampliación pretenden axusta-lo proceso ás necesidades dos alumnos.
- Os propios obxectivos didácticos servirán como criterios para realiza-la avaliación continua e formativa das aprendizaxes. Ademais, seleccionáronse unha serie de criterios de avaliación que teñen a función de comproba-la adquisición das aprendizaxes básicas da unidade.
- Por último, é necesario asegura-la funcionalidade das aprendizaxes. Nesta unidade tódolos contidos procedementais relacionados con hábitos de saúde e hixiene, así como as técnicas de recollida e organización da información mediante esquemas e mapas conceptuais garanten esta funcionalidade.

#### 3.2. Recursos e medios

##### Impresos:

- *Coñecemento do medio 3. Edicións Obradoiro-Santillana.*
- *Guía didáctica Coñecemento do medio 3. Edicións Obradoiro-Santillana.*

##### Outros:

- Cartolinas.
- Cola.
- Follas de distintas plantas.
- Mazás.

## **4. PROPOSTA DE ACTIVIDADES**

### **4.1. De introducción e motivación**

- Observación e exploración de debuxos.
- Actividades para realizar en grupo.
- Actividades para recolle-los coñecementos previos.
- Actividades para fomenta-la aprendizaxe.

### **4.2. De desenvolvemento do proceso**

- Actividades previas para comparar, observar, e explorar.
- Información organizada. As flores. Os froitos. As sementes.
- Actividades sobre todo o contido da unidade.
- Exploración dos coñecementos previos.
- Presentación da información básica e debate en grupo.
- Actividades de desenvolvemento.
- Comparación entre as diferentes especies de plantas.
- Preguntarlles ós alumnos sobre lugares do seu medio nos que poidan atopar flores. Comentarlles que as flores acabadas de cortar que vemos en floreiros son flores que non poden vivir: Sen raíz, sen auga, viven das súas reservas e axiña murchan. Presentárlle-la alternativa de adorna-las estancias con plantas vivas nos seus tarros e coas súas flores.

### **4.3. De atención á diversidade**

#### **Reforzo**

- Actividades para contestar no caderno.
- Seleccionar algunhas flores sinxelas. Amosárllelas ós alumnos e pedirles que as describan usando o vocabulario que aprenderon na unidade.

#### **Ampliación**

- Ampliación da información mediante debuxos, fotos, etc.
- Realización dun ficheiro de plantas.
- Contarlles ós alumnos que nunha colmea viven tres clases de abellas. A abella mestra, que se encarga de poñe-los ovos das que nacerán novas abellas; os abázcacos, que son os machos; as obreiras, que son femias. O grupo máis numeroso constitúeno as abellas obreiras, que realizan tódolos traballos da colmea (recoller néctar e pole, fabrica-lo mel, coidar dos ovos...).

## **5. AVALIACIÓN**

### **5.1. Criterios de avaliación**

- Identificación das distintas partes das flores. Coñecemento da transformación das flores en froitos.
- Clasificación dos froitos en carnosos ou secos. Asociación de flores, froitos e sementes coa reprodución das plantas.
- Valoración da importancia dos froitos na nosa alimentación.

### **5.2. Procedementos e Instrumentos**

#### **Procedementos:**

- Observación directa.
- Análise de tarefas e actividades recomendadas.
- Intervención e preguntas orais.
- Comprobación de traballos escritos.
- Probas orais e escritas.

#### **Instrumentos:**

- Ficha de rexistro individual.
- Patrón de avaliación.
- Rexistro de desenvolvemento da clase.
- Anecdótico.

## UNIDADE 11: AS PAISAXES DE GALICIA

### 1. Obxectivos didácticos

- Nomear e distingui-los diferentes tipos de paisaxes: chaira, montaña e costa.
- Coñecer cómo se diferencian os tipos de paisaxes: as formas de relevo.
- Comprende-las causas dos cambios (naturais e artificiais) que se producen na paisaxe.
- Comprender cómo afecta a paisaxe na distribución da poboación.
- Orientarse segundo os puntos cardinais.
- Fomenta-lo respecto e o coidado do medio.

### 2. Contidos

#### 2.1. Conceptos

- Os tipos de paisaxes: montaña, chaira e costa.
- A paisaxe de Galicia.
- Os cambios naturais e artificiais na paisaxe.
- Definición e partes dunha montaña. Tipos de formacións montañosas.
- Definición e características do relevo chan: as chairas e os vales.
- As formas de vida humana na montaña e na chaira.
- Os puntos cardinais e a orientación.

#### 2.2. Procedementos e actitudes

- Establecer categorías e clasifica-los diferentes elementos xeográficos en táboas e esquemas.
- Observar, analizar e describir fotografías de distintas paisaxes.
- Observar, analizar e describir unha maqueta. Comparala cunha fotografía.
- Interpreta-la lenda e os símbolos dos mapas.
- Aprender a orientarse cos puntos cardinais.
- Comprende-la necesidade de recicla-lo papel.
- Amosar interese polo patrimonio natural do medio.

#### 2.3. Contidos transversais

**Educación ambiental.** Fomenta-lo respecto e o coidado do medio natural

### 3. METODOLOXÍA

#### 3.1. Proceso de ensino - aprendizaxe

- As actividades propostas deben favorecer a observación directa da realidade e a experimentación sempre que sexa posible para que realicen unha construción sólida dos novos conceptos. Ademais, abranguen diversos tipos de agrupamento: actividades individuais, en equipo, en gran grupo... O papel do profesor ou profesora será o de fonte de información e organizador do proceso de ensino. O uso das novas tecnoloxías (vídeo, diapositivas...) é moi apropiado nesta unidade xa que existen uns excelentes materiais que serán fonte de actividade escolar, tal e como está previsto na planificación das actividades.
- Conxúganse, xa que logo, nesta unidade o traballo sobre as distintas capacidades: cognitivas, socioafectivas, de interacción social.
- Como en todas as demais unidades é importante asegurarse a valoración dos seus progresos individuais e o estímulo á participación nos diálogos e nas actividades de grupo. Os propios obxectivos didácticos servirán como criterios para realizar a avaliación continua e formativa das aprendizaxes. Ademais seleccionáronse unha serie de criterios de avaliación que teñen a función de comprobar a adquisición das aprendizaxes básicas da unidade.

#### 3.2. Recursos e medios

##### Impresos:

- *Coñecemento do medio 3. Edicións Obradoiro-Santillana.*
- *Guía didáctica Coñecemento do medio 3. Edicións Obradoiro-Santillana.*

##### Outros:

- Mapas murais e atlas escolar.
- Fotografías da paisaxe de Galicia.
- Compás.
- 4 vasos de plástico e cinta adhesiva.
- Arame.
- O tubo baleiro dun rolo de cociña.
- O pao dunha vasoira.

## **4. PROPOSTA DE ACTIVIDADES**

### **4.1. De introducción e motivación**

- Actividades para recolle-los coñecementos previos.
- Actividades para realizar en grupo.
- Actividades que interesan ó alumno.

### **4.2. De desenvolvemento do proceso**

- Actividades previas para observar, utilizar maquetas, ler mapas etc.
- Información organizada. A paisaxe. Os cambios naturais. As montañas. As chairas.
- Actividades sobre todo o contido da unidade.
- Exploración dos coñecementos previos.
- Presentación breve da información básica e traballo por grupos.
- Actividades de desenvolvemento.
- Comparación entre as diferentes paisaxes.
- Debate en grupo.
- Comenta-la importancia que ten reciclar e aproveita-lo papel usado. Falarlles do número de árbores que se salvarían da corta. Proponerlles que realicen o seu propio colector de papel usado decorando unha caixa de cartón na que se pode depositar todo o papel que se desbote na clase para, despois, proceder á súa reciclaxe.

### **4.3. De atención á diversidade**

#### **Reforzo**

- Comprobar que os alumnos son quen de identificar, a través de imaxes, as distintas paisaxes de Galicia. Para isto, utilizar fotografías ou postais de Galicia.
- Levar un calendario á clase. Propoñe-las seguintes actividades: busca-las datas nas que comeza cada unha das estacións do ano; indicar en qué estación se celebra o propio aniversario; calcular cántos días transcorren desde o inicio da primavera ata o aniversario de cada alumno ou alumna; calcular cántos días ó ano se acode ó colexio...

#### **Ampliación**

- Continua-la práctica do esquema iniciada en unidades anteriores. Para isto, solicite que elaboren un esquema dos cambios que se producen na paisaxe. Escribir no encerado a forma do esquema para que vexan cómo deben realizalo. 1º. Nivel: os cambios na paisaxe; 2º Nivel: a) naturais, b) artificiais; 3º. Nivel: a) construcións, antenas e tendidos eléctricos, b) o paso das estacións, chuvia e vento, catástrofes naturais.

## **5. AVALIACIÓN**

### **5.1. Criterios de avaliación**

- Discriminación das características dos diferentes tipos de paisaxe.
- Definición dos termos básicos relacionados coa paisaxe.
- Comprensión dos procesos de cambio nunha paisaxe.
- Aplicación dos coñecementos adquiridos na descrición dunha imaxe con paisaxe.
- Respecto e coidado do medio natural e, en concreto, o de Galicia.

### **5.2. Procedementos e Instrumentos**

#### **Procedementos:**

- Observación directa.
- Análise de tarefas e actividades recomendadas.
- Intervención e preguntas orais.
- Comprobación de traballos escritos.
- Probas orais e escritas.

#### **Instrumentos:**

- Ficha de rexistro individual.
- Patrón de avaliación.
- Rexistro de desenvolvemento da clase.
- Anecdótico.

## UNIDADE 12: A AUGA E O TEMPO

### 1. Obxectivos didácticos

- Identificar e defini-los ríos e describi-las súas características comúns.
- Diferencia-las formas de relevo costeiro (golfo, baía, cabo, illa...).
- Recoñece-las variacións do tempo atmosférico e os aparellos que se empregan para medilas.
- Coñece-la flora e fauna de Galicia.
- Valora-la importancia de manter limpos os ríos e as costas e protexe-los espacios naturais.

### 2. Contidos

#### 2.1. Conceptos

- Os ríos: definición e características (curso, caudal, afluente e canle).
- Os ríos e os encoros de Galicia.
- A península Ibérica. Illas e arquipélago.
- As formas de relevo das costas: praias, acantilados, cabos, golfos...
- As clases de tempo atmosférico.
- O tempo atmosférico en Galicia.
- Os medidores do tempo atmosférico.
- A fauna e a flora de Galicia.
- Os espacios naturais protexidos de Galicia.

#### 2.2. Procedementos e actitudes

- Relaciona-lo caudal dun río nas súas distintas partes co relevo polo que transcorre.
- Localizar nun mapa os ríos de Galicia e o seu lugar de nacemento.
- Ler, analizar e interpretar un bosquejo sinxelo dunha cunca hidrográfica de Galicia.
- Interpreta-los símbolos que aparecen nun mapa do tempo.
- Clasifica-la fauna e a flora dun determinado ámbito natural por medio de esquemas ou táboas.
- Concienciar sobre o aforro de auga potable en períodos de escaseza ou seca.
- Respecta-los espacios naturais do contorno.

#### 2.3. Contidos transversais

**Educación ambiental.** Valora-la importancia dos ríos e dos encoros para o desenvolvemento dos núcleos de poboación.

### 3. METODOLOXÍA

#### 3.1. Proceso de ensino - aprendizaxe

- As actividades propostas deben favorecer a observación directa da realidade e a experimentación sempre que sexa posible para que realicen unha construción sólida dos novos conceptos. Ademais, abranguen diversos tipos de agrupamento: actividades individuais, en equipo, en gran grupo... O papel do profesor ou profesora será o de fonte de información e organizador do proceso de ensino. O uso das novas tecnoloxías (vídeo, diapositivas...) é moi apropiado nesta unidade xa que existen uns excelentes materiais que serán fonte de actividade escolar, tal e como está previsto na planificación das actividades.
- Conxúganse, xa que logo, nesta unidade o traballo sobre as distintas capacidades: cognitivas, socioafectivas, de interacción social.
- Como en todas as demais unidades é importante asegurar a valoración dos seus progresos individuais e o estímulo á participación nos diálogos e nas actividades de grupo. Os propios obxectivos didácticos servirán como criterios para realizar a avaliación continua e formativa das aprendizaxes. Ademais seleccionáronse unha serie de criterios de avaliación que teñen a función de comprobar a adquisición das aprendizaxes básicas da unidade.

#### 3.2. Recursos e medios

##### Impresos:

- *Coñecemento do medio 3. Edicións Obradoiro-Santillana.*
- *Guía didáctica Coñecemento do medio 3. Edicións Obradoiro-Santillana.*

##### Outros:

- Mapas murais e atlas escolar.
- Fotografías da paisaxe de Galicia.
- Compás.
- 4 vasos de plástico e cinta adhesiva.
- Arame.
- O tubo baleiro dun rolo de cociña.
- O pao dunha vasoira.

## **4. PROPOSTA DE ACTIVIDADES**

### **4.1. De introducción e motivación**

- Descubrir a través dunha fotografía un río, un lago etc.
- Actividades para recolle-los coñecementos previos.
- Actividades que xustifican o estudio.

### **4.2. De desenvolvemento do proceso**

- Actividades previas para observar, descubrir e aprender.
- Información organizada. Os ríos. Os mares. Clases de tempo. A fauna. A flora.
- Actividades sobre todo o contido da unidade.
- Exploración dos coñecementos previos.
- Presentación breve da información básica.
- Actividades de desenvolvemento.
- Diferenciación entre fauna e flora.
- Traballo por grupos.
- Explicar que os ríos son correntes continuas de auga que teñen a súa orixe nas montañas. Ó percorrido que fan desde o seu nacemento ata a súa desembocadura chámase curso, e este percorrido ten etapas ou partes. Á primeira, ó nacemento, chámasele curso alto (nesta etapa o río leva aínda pouca auga e é estreito, pero transcorre a gran velocidade). Tras descender polas montañas, o río atravesa vales e chairas, e daquela dise que está no seu curso medio. Aquí é onde recibe a auga de numerosos afluentes, polo que vai aumentando o seu caudal, é dicir, a súa cantidade de auga. No curso medio o río avanza máis lentamente debido ó paso por terreos chans. A última parte do río denomínase curso baixo. Na súa desembocadura os ríos poden formar deltas, rías ou esteiros.

### **4.3. De atención á diversidade**

#### **Reforzo**

- Suxestións para falar en grupo e fomentar actitudes positivas cara ó coidado da fauna e a flora.
- Actividades para contestar no caderno.
- Comprobar que os alumnos coñecen as definicións de río, canle, caudal e afluentes. Preguntarlles cántos ríos de Galicia coñecen e pedirilles que os localicen no mapa.

#### **Ampliación**

- Amplia-la información mediante os álbums con mapas, fotografías etc.
- Preparar un debate.
- Explica-la definición de praia: terreo de superficie case cha e cuberto de area na beira do mar, dun lago ou dun río grande.

- Explicar que o Instituto Nacional de Meteoroloxía é o organismo encargado da predicción e análise do tempo atmosférico. Para elaborala información, o Instituto sérvese, entre outros medios, de imaxes do satélite Meteosat.

## **5. AVALIACIÓN**

### **5.1. Criterios de avaliación**

- Identificación das características dos ríos e coñece-los ríos de Galicia.
- Recoñecemento das formas de relevo costeiro.
- Enumeración dos mares e os océanos que bañan as costas españolas.
- Distinción dos elementos e factores do tempo atmosférico.
- Coñecemento da función dalgúns instrumentos de medida do tempo atmosférico.
- Interpretación de mapas de relevo e do tempo.
- Coñecemento e clasificación da fauna e da flora segundo as especies e os tipos de paisaxes.

### **5.2. Procedementos e Instrumentos**

#### **Procedementos:**

- Observación directa.
- Análise de tarefas e actividades recomendadas.
- Intervención e preguntas orais.
- Comprobación de traballos escritos.
- Probas orais e escritas.

#### **Instrumentos:**

- Ficha de rexistro individual.
- Patrón de avaliación.
- Rexistro de desenvolvemento da clase.
- Anecdario.

## UNIDADE 13: A POBOACIÓN DE GALICIA

### 1. Obxectivos didácticos

- Comprender qué é a poboación e cómo varía.
- Coñecer se Galicia está moi poboada.
- Valora-la emigración e a inmigración.
- Diferencia-los termos aldea/vila/cidade e poboación rural/poboación urbana.
- Clasifica-los medios de transporte e diferencialos segundo as infraestructuras.

### 2. Contidos

#### 2.1. Conceptos

- A poboación: crecemento e movementos migratorios.
- A poboación en Galicia.
- O censo de poboación.
- Poboación urbana e poboación rural.
- Os medios de transporte.
- As comunicacións humanas e o traslado de mercadorías.

#### 2.2. Procedementos e actitudes

- Explica-lo concepto de poboación.
- Ler, describir e interpreta-los mapas de poboación.
- Analizar imaxes de distintas aldeas, vilas e cidades para describi-las súas similitudes e diferencias.
- Relaciona-las infraestructuras (estradas, aeroportos...) coas distintas paisaxes.
- Comprender e valora-los variados modos de vida e manifestacións culturais das aldeas, vilas e cidades.

#### 2.3. Contidos transversais

**Educación moral e cívica:** Respetto polos inmigrantes.

### 3. METODOLOXÍA

#### 3.1. Proceso de ensino - aprendizaxe

- As actividades propostas deben favorecer a observación directa da realidade e a experimentación sempre que sexa posible, para que realicen unha construción sólida dos novos conceptos. Ademais, abranguen diversos tipos de agrupamento: actividades individuais, en equipo, en gran grupo... O papel do profesor ou profesora será o de fonte de información e organizador do proceso de ensino. O uso das novas tecnoloxías (vídeo, diapositivas...) é moi apropiado nesta unidade xa que existen uns excelentes materiais que serán fonte de actividade escolar, tal e como está previsto na planificación das actividades.
- Conxúganse, xa que logo, nesta unidade, o traballo sobre as distintas capacidades: cognitivas, socioafectivas, de interacción social.
- Como en todas as demais unidades é importante asegurar a valoración dos seus progresos individuais e o estímulo á participación nos diálogos e nas actividades de grupo. Os propios obxectivos didácticos servirán como criterios para realizar a avaliación continua e formativa das aprendizaxes. Ademais seleccionáronse unha serie de criterios de avaliación que teñen a función de comprobar a adquisición das aprendizaxes básicas da unidade.

#### 3.2. Recursos e medios

##### Impresos:

- *Coñecemento do medio 3. Edicións Obradoiro-Santillana.*
- *Guía didáctica Coñecemento do medio 3. Edicións Obradoiro-Santillana.*

##### Outros:

- Mapa político de España.
- Cartolinas e revistas.
- Postais ou fotografías de cidades, vilas e aldeas.
- Fotografías de medios de transporte e ferramentas antigos.

## **4. PROPOSTA DE ACTIVIDADES**

### **4.1. De introducción e motivación**

- Actividades para realizar en grupo.
- Actividades para recolle-los coñecementos previos.
- Xustificación do estudio.

### **4.2. De desenvolvemento do proceso**

- Actividades previas para coñece-la poboación da localidade.
- Información organizada. O crecemento da poboación. A poboación urbana e rural. Os medios de transporte.
- Actividades sobre todo o contido da unidade.
- Exploración dos coñecementos previos.
- Presentación breve da información básica e traballo por grupos.
- Actividades de desenvolvemento.
- Actividades de reforzo e ampliación.
- Comparación entre os diferentes medios de transporte.
- Explicarlles ós alumnos que os gráficos de poboación son representacións esquemáticas que serven para facilita-lo coñecemento dos datos e, xa que logo, a obtención de conclusións.
- Conversar cos alumnos sobre cómo poden colaborar para conserva-lo medio natural en que viven, sexa rural ou urbano.

### **4.3. De atención á diversidade**

#### **Reforzo**

- Comprobar que os alumnos coñecen a definición de emigrante e inmigrante
- Preguntarlles polas causas que motivan o crecemento ou non da poboación.
- Comprobar que os alumnos diferencian a poboación rural da urbana e que saben os puntos fundamentais que diferencian unha aldea dunha vila e dunha cidade.

#### **Ampliación**

- Explicar que o relevo inflúe de maneira moi importante no trazado de estradas e de vías de ferrocarril. Nas zonas de montaña é necesaria a construción de pontes, túneles ou viaductos para salva-las diferencias de terreo. Sen embargo, nas zonas chas a construción de vías de comunicación é moito máis sinxela e menos custosa.
- Traballar en equipo a seguridade vial.

## **5. AVALIACIÓN**

### **5.1. Criterios de avaliación**

- Saber qué é poboación e en qué consisten os movementos desta.
- Utilización correcta dos termos de migración, inmigración e emigración.
- Distinción entre poboación rural e urbana.
- Interpretación dun mapa de poboación.
- Clasificación dos medios de transporte segundo a súa forma de desprazamento.

### **5.2. Procedementos e Instrumentos**

#### **Procedementos:**

- Observación directa.
- Análise de tarefas e actividades recomendadas.
- Intervención e preguntas orais.
- Comprobación de traballos escritos.
- Probas orais e escritas.

#### **Instrumentos:**

- Ficha de rexistro individual.
- Patrón de avaliación.
- Rexistro de desenvolvemento da clase.
- Anecdótico.

## UNIDADE 14: O TRABALLO EN GALICIA

### 1. Obxectivos didácticos

- Comprender qué é a poboación activa. Diferencia-las profesións segundo o sector económico e os ámbitos rural e urbano.
- Diferencia-los cultivos de secaño e de regadío.
- Recoñece-los tipos de cabanas gandeiras e saber se se crían en Galicia.
- Comprende-los procesos de transformación industrial: materia prima e produto manufacturado.
- A industria en Galicia.

### 2. Contidos

#### 2.1. Conceptos

- A poboación activa e tipos de traballo que realiza.
- As clases de cultivos: de secaño e de regadío.
- Os tipos de cabanas gandeiras.
- A agricultura e a gandería en Galicia.
- As actividades industriais e os procesos de transformación: da materia prima ó produto elaborado.
- A industria en Galicia.

#### 2.2. Procedementos e actitudes

- Clasifica-los tipos de cultivo e as cabanas gandeiras.
- Describir e explica-las fases dun proceso industrial.
- Aplica-los coñecementos sobre poboación activa.
- Respecta-lo traballo dos inmigrantes e defende-lo traballo non sexista.

#### 2.3. Contidos transversais

**Educación moral e cívica** Valora-lo estudio como medio de aprendizaxe necesario para traballar na idade adulta.

## **4. PROPOSTA DE ACTIVIDADES**

### **4.1. De introducción e motivación**

- Clasificación dos diferentes tipos de traballo.
- Actividades para realizar en grupo.
- Actividades para recolle-los coñecementos previos.
- Actividades relacionadas coa propia localidade.

### **4.2. De desenvolvemento do proceso**

- Actividades previas para comparar, observar e aprender.
- Información organizada. O traballo. Agricultura e gandería. Actividades industriais.
- Actividades sobre todo o contido da unidade.
- Presentación breve da información básica e traballo por grupos.
- Actividades de desenvolvemento.
- Comparación entre os diferentes tipos de traballos.
- Debate en grupo.
- Explicarlles ós alumnos que deberán realizar unha enquisa e cómo preparala. Primeiro, terán que elaborar unha lista co que necesitan saber. Despois, teñen que formula-las preguntas que lles permitirán coñece-la información que buscaban; a continuación, terán que seleccionar ás persoas que van entrevistar, e realiza-la enquisa; por último, clasifica-los datos e extraer conclusións.

### **4.3. De atención á diversidade**

#### **Reforzo**

- Suxerir actividades similares ás propostas na unidade para asegurarse de que os alumnos distinguen os tipos de cultivo e de gando que existen.
- Poñer exemplos de produtos e preguntarlles con qué materia prima foron elaborados e en qué industria se fan.

#### **Ampliación**

- Pedirlles ós alumnos que leven á clase unha presada de diferentes tipos de legumes e cereais, como por exemplo, feixóns, lentellas, garavanzos, arroz, grans de millo... Explicarlles que van realizar un debuxo pero non o van colorear con pinturas senón que a gama de cores vanlla dar cos materiais que trouxeron das súas casas, é dicir, as legumes e os cereais.

## **5. AVALIACIÓN**

### **5.1. Criterios de avaliación**

- Diferenciación da poboación activa do conxunto da poboación.
- Clasificación dos traballos segundo as actividades que se realicen e o sector ó que pertencen.
- Diferenciación de cultivo de secaño/cultivo de regadío.
- Clasifica-lo gando segundo a cabana de procedencia.
- Descrición dun proceso de produción industrial.
- Valoración e respecto polo traballo de tódalas persoas.

### **5.2. Procedementos e Instrumentos**

#### **Procedementos:**

- Observación directa.
- Análise de tarefas e actividades recomendadas.
- Intervención e preguntas orais.
- Comprobación de traballos escritos.
- Probas orais e escritas.

#### **Instrumentos:**

- Ficha de rexistro individual.
- Patrón de avaliación.
- Rexistro de desenvolvemento da clase.
- Anecdótico.

## UNIDADE 15: AS NOSAS HISTORIAS PERSOAIS

### 1. Obxectivos didácticos

- Recoñece-los cambios que se producen co paso do tempo nas persoas e na sociedade.
- Coñecer cómo se lembra o pasado e relacionar este co paso do tempo.
- Coñece-los instrumentos para medi-lo tempo histórico.
- Descubri-las formas de vida do pasado a través das tradicións e os monumentos.
- Diferencia-la historia próxima da afastada.
- Acercarse á historia e á cultura a través dunha lenda de Galicia.

### 2. Contidos

#### 2.1. Conceptos

- Documentos: escritos, orais e gráficos.
- A medida do tempo e dos feitos pasados: reloxo, calendario e século.
- As tradicións culturais.
- A historia recente e afastada: formas de coñecela.

#### 2.2. Procedementos e actitudes

- Clasificar, por medio dunha táboa, documentos que serven para coñece-la historia dos antepasados familiares.
- Realizar unha liña do tempo persoal a partir dun modelo.
- Comparar fotografías antigas e modernas.
- Escribi-las tradicións e os principais monumentos da localidade.
- Clasificar documentos que serven para coñece-la historia en escritos, orais ou gráficos.
- Valora-la importancia de conserva-los documentos históricos e os monumentos.

#### 2.3. Contidos transversais

**Educación moral e cívica** Defende-lo dereito dos inmigrantes a te-la posibilidade de legaliza-la súa situación.

### 3. METODOLOXÍA

#### 3.1. Proceso de ensino - aprendizaxe

- As actividades propostas deben favorecer a observación directa da realidade e a experimentación sempre que sexa posible para que realicen unha construción sólida dos novos conceptos. Ademais, abranguen diversos tipos de agrupamento: actividades individuais, en equipo, en gran grupo... O papel do profesor ou profesora será o de fonte de información e organizador do proceso de ensino. O uso das novas tecnoloxías (vídeo, diapositivas...) é moi apropiado nesta unidade xa que existen uns excelentes materiais que serán fonte de actividade escolar, tal e como está previsto na planificación das actividades.
- Conxúganse, xa que logo, nesta unidade o traballo sobre as distintas capacidades: cognitivas, socioafectivas, de interacción social.
- Como en todas as demais unidades é importante asegurar a valoración dos seus progresos individuais e o estímulo á participación nos diálogos e nas actividades de grupo. Os propios obxectivos didácticos servirán como criterios para realizar a avaliación continua e formativa das aprendizaxes. Ademais seleccionáronse unha serie de criterios de avaliación que teñen a función de comprobar a adquisición das aprendizaxes básicas da unidade.

#### 3.2. Recursos e medios

##### Impresos:

- *Coñecemento do medio 3. Edicións Obradoiro-Santillana.*
- *Guía didáctica Coñecemento do medio 3. Edicións Obradoiro-Santillana.*

##### Outros:

- Pasaporte ou DNI.
- Cartolinas de cores.
- Fotografías tamaño carné.
- Reloxos e calendarios.
- Fotografías de monumentos antigos.
- Mapamundi do libro de texto e atlas escolar.

## **4. PROPOSTA DE ACTIVIDADES**

### **4.1. De introducción e motivación**

- Texto de presentación: os castros.
- Actividades para realizar en grupo.
- Actividades para recolle-los coñecementos previos.
- ¿Para que estudiámo-la historia?

### **4.2. De desenvolvemento do proceso**

- Actividades previas para observar, descubrir e aprender.
- Información organizada. Os días importantes da nosa vida. O reloxo e o calendario. As tradicións, etc.
- Actividades sobre todo o contido da unidade.
- Exploración dos coñecementos previos.
- Presentación breve da información básica.
- Actividades de desenvolvemento.
- Actividades de reforzo e ampliación.
- Comparación entre diferentes tradicións.
- Debate en grupo.
- Explicar que o certificado de nacemento do rexistro civil recolle datos referentes a cada unha das persoas inscritas: nome e apelidos, data e lugar de nacemento, sexo. Cando nacemos, os nosos familiares teñen un tempo para inscribirmos. Tamén hai datos relativos a nosos país: nome, ano de nacemento e nacionalidade. Estes datos poden servir para confeccionar estudos sobre a poboación dun país ou dunha rexión, como o número de homes ou mulleres que naceron en determinado ano ou cuántas persoas naceron nunha cidade durante un mes concreto.
- Comentar que, na Antigüidade, se usaban reloxos de sol e de area para saber de modo aproximado o tempo que transcorría entre determinados acontecementos. Explicar, tamén que non tódolos calendarios son iguais ó que coñecen. Así, por exemplo, hai calendarios que comezan o ano no noso mes de febreiro ou que en civilizacións antigas era frecuente medir tempos longos segundo as tarefas agrícolas (sementeira, sega, vendima, etc.).

### **4.3. De atención á diversidade**

#### **Reforzo**

- Asegurarse de que os alumnos, por unha banda, coñecen a hora marcada no reloxo e, por outra, localizan correctamente feitos cronolóxicos.
- Comprobar que os alumnos coñecen e entenden que os edificios antigos son considerados documentos históricos e por qué.

#### **Ampliación**

- Levar fotografías de monumentos famosos de todo o mundo (pirámides exipcias, coliseo romano, muralla chinesa, estatuas da illa de Pascua, etc.). Analizar por qué se conservaron ata a actualidade e por qué debemos velar pola súa conservación (sérvennos para coñecer aspectos de culturas pasadas). Despois, pedirles que busquen os lugares nun mapamundi; sinalar ónde está Galicia, para que observen cómo en tódolos lugares existen monumentos antigos que son mostra de civilizacións moi distintas e afastadas entre si.

## **5. AVALIACIÓN**

### **5.1. Criterios de avaliación**

- Clasificación de documentos que serven para coñecer ás persoas: DNI, partida de nacemento, fotografías, vídeos, cartas, diarios...
- Confección dunha liña do tempo persoal.
- Explicación e diferenciación dos conceptos de tradición e monumento.
- Diferenciación de historia próxima e historia afastada e explicación do tipo de documentos con que se estudian.

### **5.2. Procedementos e Instrumentos**

#### **Procedementos:**

- Observación directa.
- Análise de tarefas e actividades recomendadas.
- Intervención e preguntas orais.
- Comprobación de traballos escritos.
- Probas orais e escritas.

#### **Instrumentos:**

- Ficha de rexistro individual.
- Patrón de avaliación.
- Rexistro de desenvolvemento da clase.
- Anecdario.